MYKES

Boletín do Grupo Micolóxico Galego
"Luis Freire"

Volume 24
2021

GRUPO MICOLÓXICO GALEGO

Estado Actual do Estudo dos *Myxomycetes* (*Eumycetozoa*) en Galicia (NO. Península Ibérica) I: Antecedentes históricos

por

N.F. Andrés-Rodríguez[1] & O. Requejo[2]

Andrés-Rodríguez, N.F. & Requejo, O. 2021. Estado actual do estudo dos *Myxomycetes* (*Eumycetozoa*) en Galicia (NO. Península Ibérica) I: Antecedentes históricos. *Mykes* 24:145-157.

Resumo

Faise un recorrido histórico do estudo dos *Myxomycetes* en Galicia, destacando a figura senlleira do doutor Luís Cabo Rey como principal precursor da súa investigación sistemática e rigorosa.

Palabras chave: *Eumycetozoa*, *Myxomycetes*, Galicia, Vigo, noroeste ibérico.

Andrés-Rodríguez, N.F. & Requejo, O. 2021. Current status of the study of the *Myxomycetes* (*Eumycetozoa*) in Galicia (NW Iberian Península) I: Historical background. *Mykes* 24*:* 145-157*.*

Summary

We review the history of the study of *Myxomycetes* in Galicia, highlighting the figure of Dr. Luís Cabo Rey as a pioneer of his systematic and rigorous research.

Key words: *Eumycetozoa***,** *Myxomycetes*, Galicia, Vigo, Iberian northwest.

[1]Avda. Castelao, 54, Vigo, E-36209, Pontevedra; correo: *fandresr@galicia.com*
[2]San Xurxo, A Laxe 12B, Salceda de Caselas. E-36470, Pontevedra; correo: *oscarequejo@hotmail.com*
Membros do *Grupo Micolóxico Galego Luís Freire.*

Introducción

O estudo dos mixomicetos en Galicia é relativamente recente. Pouco se sabe destes seres antes do século XX, a pesar de que rexistros etnolóxicos poderían remontar as testemuñas do seu coñecemento á época viquinga en Galicia (anos 844 a 1038), aínda que a recado non se soubese de certo de que organismos tratábase (Requejo & Andrés-Rodríguez, 2019a).

A pesares de que as primeiras mencións en Galicia se atopan a mediados do século XX, non espertaron o interese dos investigadores de nosa terra hasta case os anos finais do devandito século, polo que ata entón pasaron desapercibidos nas publicacións científicas deses tempos.

Formando parte dun estudo máis amplo, no que se analizará o estado actual do coñecemento sobre os *Myxomycetes* en Galicia, no que se refire a súa catalogación, coroloxía, fenoloxía, etc., neste primeiro traballo queremos amosar os fitos senlleiros do progreso no seu estudo, entre os que destaca de xeito notable a labor do doutor Luís Cabo Rey (1921-2005), membro fundador do Grupo Micolóxico Galego Luís Freire, doutor en Medicina, e prestixioso cardiólogo, ilustre pioneiro da investigación neste eido, do que neste ano se compren os cen do seu nacemento (Castro, 2005) [Fig. 1].

Fig. 1 Luís Cabo Rey nunha saída co GMG en Fresnedelo (El Bierzo, León). Fotografía de Antonio Prunell.

Metodoloxía

Para a elaboración deste traballo se fixo unha revisión non sistemática, pero exhaustiva, das publicacións onde se incluían rexistros da recollida en Galicia de exemplares do phylum *Eumycetozoa* nas bibliotecas particulares dos autores, na biblioteca e a páxina Web do Grupo Micolóxico Galego Luís Freire onde se atopa a Base de datos Corolóxica de *Myxomycetes* de Galicia catalogadas (Rodríguez-Vázquez & Castro, 2018-2020), na páxina Web do Real Jardín Botánico de Madrid, na que se atopa o Herbario Digital de Criptogamia e a Información Nomenclatural de *Eumycetozoa* tamén do Real Jardín Botánico (Lado, 2005-2021).

Resultados e Discusión

Aínda que na Península Ibérica, os primeiros rexistros de mixomicetos comezaron a aparecer a finais do século XVIII (Lado, 1991), en Galicia o primeiro data de mediados do século XX. Trátase de *Lycogala epidendrum* (L.) Fr., citado polo profesor Francisco Bellot, da Facultade de Farmacia da Universidade compostelán. (Bellot, 1952) [Fig. 2].

Fig. 2. Dous exemplares maduros de *Lycogala epidendrum*

A finais dese mesmo século, a partir dos anos setenta, o tamén profesor no departamento de Botánica da devandita

facultade, José María Losa Quintana dirixiu, coa colaboración de Luís Freire, un grupo de investigadores que se formaron e desenvolveron os seus traballos de investigación para a obtención de tesiñas e tese doutorais no eido da Micoloxía. Como consecuencia do seu traballo, comezaron a publicarse novos rexistros, todos eles enmarcados en traballos de micoloxía (Castro, 1980; Freire, 1981; Castro, 1985; Pérez, 1984).

No traballo de Castro *et al.* (1987) que recolle o catálogo de macromicetos galegos se atopan, entre case 1 000 especies e variedades de fungos, 17 especies e 1 variedade da clase *Myxomycetes*. Tan só un ano despois, no Apéndice I engadíanse 53 novas *taxa* a este catálogo (Castro & Freire, 1988), resultado dos estudos de Luís Cabo Rey, fundamentalmente no entorno da cidade de Santiago de Compostela.

A data chave en investigación, na que comezaron a ver a luz os estudos independentes dos mixomicetos de Galicia se pode considerar, sen ningunha dúbida, o ano 1987, no que o doutor Cabo Rey presentou no I Congreso de Macromicoloxía Galaico-Lusa 42 especies, resultado de cinco anos de investigación e estudo, das que 31 eran primeiras citas para Galicia (Cabo Rey, 1989).

En 1988, un novo traballo do doutor Cabo Rey, "Myxomycetes de la Alta Mahía" foi galardoado có V Premio Galicia de Micoloxía, publicado por la Xunta de Galicia en 1996 (Cabo Rey, 1988) [Fig. 3]. Deste xeito a investigación mixolóxica en Galicia acadaba a súa maioría de idade. Nos anos seguintes, novos traballos de investigación recollidos en diversas publicacións (Cabo Rey, 1995, 1998, 2001, 2002a, 2002b, 2004a, 2004b). Entre eles destacamos un traballo sobre aspectos ecolóxicos dedicado aos mixomicetos ligados a *Eucalyptus globulus* Labill (Cabo Rey, 2002b) e a publicación do que se pode considerar o primeiro catálogo galego destes *Amoebozoa* (Cabo Rey, 2004b). Ata o seu pasamento, no ano 2005, os seus traballos deron como resultado máis de 100 novas especies para o catálogo galego de mixomicetos. Trátase dunha contribución fundamental xa que son case as dúas terceiras partes dos rexistrados nunha recente

revisión, na que se recolle un total de 163 *taxa* catalogadas (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2018-2020), cifra que segue sen representar a realidade da biodiversidade galega, nun grupo de organismos que ten en torno a 1 000 especies descritas no mundo (LADO, 2005-2020). E aínda hoxe hai material inédito pendente de revisión e publicación cedido polo doutor Cabo no Real Xardín Botánico de Madrid (RJBM, 2021).



Fig. 3 Portada da publicación que recolle os Premios Galicia de Micoloxía (1983-1991).

Pero o seu labor non se limitou á investigación e publicación dos resultados dela, senón que tamén se interesou pola divulgación dos seus achados impartindo conferencias e cursos, e participando mediante comunicacións en formato póster e relatorio en xornadas e congresos de micoloxía como os Congresos de Macromicoloxía Galaico-Lusos ou o II Congreso Internacional de Sistemática y Ecología de *Myxomycetes* (1996).

Durante ese tempo, outros investigadores aportaron novos achados ao coñecemento dos mixomicetos presentes en Galicia, es particular no entorno das Rías Baixas e a Península do Morrazo (LADO, 1986; MOLDES, 1987; PORTELA & LADO, 1989, 1990).

Nos anos posteriores aos estudos do doutor Cabo Rey, se seguen atopando citas, pero de novo acompañando a fungos, en artigos científicos, guías de campo, tesiñas ou teses de

doutoramento. Neste último caso pódese destacar a actualización do catálogo galego, análise corolóxico e fenolóxico de Soliño (2004).

Outras obras de grande interese foron as publicadas por investigadores do Real Jardín Botánico de Madrid, nas súas series: Monografías del Real Jardín Botánico (Lado, 1991), o volume 2 de Flora Micológica Ibérica (Lado & Pando, 1997) e o número 16 dos Cuadernos de Traballo de Flora Micolóxica Ibérica (Lado, 2001). Os tres tiñan grande utilidade, pois os seus rexistros proceden de toda a península e permiten comparar neses intres o estado da investigación galega sobre os mixomicetos con respecto ao resto das rexións ibéricas. Hoxe, nembargantes, os recursos que se atopan na Rede, entre eles o proxecto *Eumycetozoa* (Lado, 2005-2021, en línea) son ferramentas esenciais para todo tipo de investigacións e as súas actualizacións permanentes deixaron obsoletas as derradeiras publicacións en soporte físico.

Houbo que esperar ata 2010, para achar outra publicación na que se individualizaban os mixomicetos, nesta ocasión o estudo se centrou nun bosque de ribeira, no val do río Caselas (Requejo & Andrés-Rodríguez, 2010). Nesta primeira publicación incluíuse unha pequena selección na guía micolóxica, pero dous anos máis tarde se publicou o catálogo completo xa perfectamente separado dos fungos (Requejo & Andrés-Rodríguez, 2012).

Con estes traballos o Grupo Micolóxico Galego Luís Freire retomaba os estudos sobre mixomicetos cun espírito de continuidade da labor do doutor Cabo Rey, e nas saídas ao campo, tódolos membros do grupo participaban con entusiasmo na busca de novos exemplares para estudar e identificar. Como resultado, ao longo dos seguintes anos viron a luz novas publicacións nas que se describía con carácter de introdución unha visión xeral sobre a súa particular morfoloxía, bioloxía, ecoloxía e taxonomía (Andrés-Rodríguez & Requejo, 2018), se informaba do achado de especies pouco frecuentes ou novas citas (Requejo & Andrés-Rodríguez, 2014) [Fig. 4], ou se incrementaba o coñecemento da biodiversidade e presenza dos

mixomicetos na Galicia (Andrés-Rodríguez & Requejo, 2014). Polo interese e proximidade xeográfica e etnográfica, as investigacións se estenderon á rexión do Baixo Miño e Tras-os-Montes do veciño Portugal, de coñecida afinidade (Requejo & Andrés-Rodríguez, 2019b).

Entre as zonas estudadas de xeito minucioso atópanse a Fraga da Marronda e as Insuas do Miño en Lugo (García-Echave *et al*., 2014; Requejo *et al.*, 2017), os parques do concello de Vigo (Andrés-Rodríguez & Requejo, 2020) e o Espazo Natural Protexido das Gándaras de Budiño, nos concellos de O Porriño, Salceda de Caselas e Tui, no sur da provincia de Pontevedra, un interesante complexo de zonas húmidas, turbeiras, brañas e bosque de ribeira nas que as visitas e mostraxes continuados deron como resultado a incorporación ao catálogo galego de numerosas *taxa* pouco frecuentes ou primeiras citas (Requejo & Andrés-Rodríguez, 2017, 2020). Deste xeito, e contabilizando os resultados do último traballo de Requejo & Andrés-Rodríguez (2021), chegamos a un total de 179 especies.

Fig. 4. *Diderma sauteri* (Rostaf.) E.Sheld, especie pouco frecuente atopada en Galicia.

Dende o punto de vista da metodoloxía, nos máis recentes traballos nas Gándaras e na bisbarra de Vigo, comezouse a utilizar de xeito sistemático, como complemento dos mostraxes no campo, a técnica da cámara húmida, xa empregada ai anos polo doutor Cabo. O procedemento de cultivo se basea no descrito por diversos autores entre os KELLER *et al.* (2008), GOAD & STEPHENSON (2013) e WRIGLEY & ESTRADA-TORres (2017). Outra interesante ferramenta recentemente incorporada nestes traballos é o apoio na microscopía electrónica de barrido para o estudo das características morfolóxicas das estruturas, especialmente esporas e capilicio (REQUEJO & ANDRÉS-RODRÍGUEZ, 2020).

Noutro senso, tamén nos derradeiros anos se lle prestou atención aos aspectos etnobiolóxicos dos mixomicetos con dous traballos nos que se revisa a súa percepción no imaxinario popular, e a presenza dos mixomicetos na educación, a arte, a enxeñería e outros eidos da cultura e a ciencia (REQUEJO & ANDRÉS-RODRÍGUEZ, 2018, 2019a).

Co gallo de espallar o coñecemento dos mixomicetos entre os afeccionados á natureza, os membros investigadores do GMG participan en Xornadas e Cursos que abundan nos outonos micolóxicos de Galicia impartindo charlas nas que os asistentes comezan a apreciar as súas interesantes características. Neste mesmo senso se organizan xornadas de mostraxes abertas ao público con fines non só de recollida, senón tamén divulgativos, organizados conxuntamente pola Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN), o Grupo Micolóxico Galego (GMG) o proxecto ValoraNatura (*https://www.facebook.com/ValoraNatura/*) e incluso nalgunha ocasión colaborou con o programa de educación medioambiental de La Voz de Galicia, *Voz Natura* [Fig. 5].

Nos vindeiros anos continuarán as mostraxes, complementados coa recollida de material para cultivo no laboratorio. Os traballos do doutor Cabo Rey se fixeron especialmente na provincia de A Coruña, mentres que nos derradeiros anos estudáronse con maior detalle zonas de Pontevedra. Dos 463 rexistros que os autores conservan no

Fig. 5. Cartaz da mostraxe de *Myxomycetes* en Gándaras de Budiño 2019.

arquivo GMG-myxo, 378 pertencen a Pontevedra, 48 a Lugo, 13 a Ourense, 11 a A Coruña e 13 a Portugal, algúns deles recentemente publicados (Requejo & Andrés-Rodríguez, 2021) e outros aínda pendentes de publicación.

É preciso aumentar as saídas en Lugo e Ourense para equilibrar na medida do posible as citas nesas dúas provincias e ter unha mellor idea da coroloxía e a fenoloxía dos mixomicetos na nosa Comunidade, sen esquecer á de A Coruña, na que desde o pasamento do Doutor Cabo Rey fanse menos mostraxes.

Polo que temos visto nesta revisión, e a modo de conclusión, coidamos que o estado actual do estudo dos mixomicetos en Galicia, dos que na actualidade están catalogados 179 *taxa*, é prometedor de novos e interesantes resultados. Queda xa unha excelente base cos traballos do doutor Cabo Rey, e unha continuidade palpable nunha liña de investigación do Grupo Micolóxico Galego Luís Freire, e a atención, incluso, de investigadores de fora de Galicia.

As novas ferramentas de apoio á investigación, como a microscopía electrónica de barrido e a incorporación das técnicas

de secuenciación xenética, con finalidade taxonómica, son cada vez máis accesibles e permitirán achegar unha maior certeza ás investigacións.

Esperamos que o proxecto do que este traballo é unha breve introdución, aporte resultados de interese cara ao coñecemento destes enigmáticos organismos en canto a ecoloxía, fenoloxía e coroloxía, abrindo portas a futuras vías de estudo.

Referencias bibliográficas

Andrés-Rodríguez, N.F. & Requejo, O. 2014. Aproximación al catálogo e identificación del género *Arcyria* (*Protozoa*) en Galicia. *Micolucus,* 1: 42-46.

Andrés-Rodríguez, N.F. & Requejo, O. 2018. *Myxomycetes*: un mundo por descubrir. *Mykes,* 21: 95-111.

Andrés-Rodríguez, N.F. & Requejo, O. 2020. Biodiversidade de *Myxomycetes (Amoebozoa)* do Concello de Vigo (N.O. Península Ibérica) I. *Mykes,* 23: 47-63.

Bellot, F. 1952. Anotaciones a la flora criptogámica gallega, II. *Trab Jardín Botánico*, 6. Santiago.

Cabo Rey, L. 1988. *Mixomicetos de la Alta Mahía: Contribución al Estudio de los Mixomicetos de Galicia*. V Premio Galicia de Micoloxía. In: Rodríguez-Fernández, J. (coord.). Premio Galicia de Micoloxía (1983-1991). Xunta de Galicia. Pp. 99-122.

Cabo Rey, L. 1989. *Myxomycetes*. Contribución al catálogo de Galicia (1987). *Braña*, *monogr.* 1 (Actas I Congreso de Macromicoloxía Galaico-Lusa): 67-72.

Cabo Rey, L. 1995. Aportación al catálogo de *Myxomycetes* de Galicia. II. *Bol. Soc. Micol. Madrid*, 20: 59-69.

Cabo Rey, L. 1998. Contribución ó catálogo dos *Myxomycetes* da Península Ibérica. *Mykes,* 1: 17-21.

Cabo Rey, L. 2001. Aportación ó catálogo de *Myxomycetes* de Galicia, III. *Mykes*, 4: 3-7.

Cabo Rey, L. 2002a. Aportación ó catálogo de *Myxomycetes* de Galicia, IV. *Mykes,* 5: 3-7.

Cabo Rey, L. 2002b. *Myxomycetes* recolectados sobre *Eucalyptus Globulus* Labill en Galicia (España). *Mykes*, 5: 17-20.

Cabo Rey, L. 2004a. Aportación ó catálogo de *Myxomycetes* de Galicia, V. *Mykes*, 7: 3-9.

Cabo Rey, L. 2004b. Catálogo de *Myxomycetes* de Galicia ata 2003. *Anais Assoc. Micol. Pantorra*, 4: 141-150.

Castro Cerceda, M.L. 1985. *Macromycetes de pinares gallegos* [Tesis doctoral]. Univ. Santiago de Compostela.

Castro Cerceda, M.L. 2005. *In mermoriam* a Luís Cabo Rey. *Mykes*, 8: 3-6.

Castro Cerceda, M.L., Freire García, L., Fernández Toiran, M., Gonzalez Sangregorio, M.V., Gonzalez Palmou, O., Louzao Gato, M.J., Pereiros Ferreiros, E.M. & Pérez Froiz, M. 1987. *Historia da Macromicoloxía de Galicia*. Santiago. SGHN.

Castro, M.L. & Freire, L. 1988. *Historia da Macromicoloxía de Galicia. Apéndice I.* Vilagarcía. SGHN.

Castro Rodríguez, M.C. 1980. *Revisión de los macromycetos epixílicos de Galicia* [Tesis de licenciatura]. Universidade de Santiago, Facultade de Bioloxía.

Freire, L. 1981. *Macromycetes de la Selva Negra (Santiago)* [Tesis doctoral]. Univ. Santiago de Compostela.

García-Echave, C., Andrés-Rodríguez, N.F. & Requejo, O. 2014. Aportación ao coñecemento dos *Myxomycetes* da provincia de Lugo. *Mykes*, 17: 55-62.

Goad, A.E. & Stephenson, S.L. 2013. *Myxomycetes* appearing in moist chamber cultures on four different types of dead leaves. *Mycosphere*, 4(4): 707-712.

Keller, H.W., Kilgore, C.M., Everhart, S.E., Carmack, G.J., Crabtree, C.D., & Scarborough, A.R. 2008. *Myxomycete* Plasmodia and Fruiting Bodies: Unusual Occurrences and User-friendly Study Techniques. *Fungi*, 1(1): 24-37.

Lado, C. & Pando, F. 1997. *Flora Micológica Ibérica Vol. 2. Myxomycetes I. Ceratiomyxales, Echinosteliales, Liceales, Trichiales*. Eds.Real Jardín Botánico Madrid & J.Cramer.

Lado, C. 1986. Fragmenta chorologia occidentalia, Fungi 443-472. *Anales Jard. Bot. Madrid*, 43(1): 153-159.

Lado, C. 1991. Catálogo comentado y síntesis corológica de los *Myxomycetes* de la Península Ibérica e Islas Baleares (1788-1990). *Ruizia*, 9: 1-142.

Lado, C. 2001. Nomenmyx. A nomenclatural taxabase of *Myxomycetes*. *Cuad. Trab. Flora Micol. Ibér.*, 16: 1-221.

Lado, C. 2005-2021. An on line nomenclatural information system of *Eumycetozoa*. Real Jardín Botánico, CSIC. Madrid, Spain. Dispoñible en: *https://eumycetozoa.com/data/index.php* [Consulta: 4/III/2020]

MOLDES FERRO, J.J. 1987. *Macromicetos de la zona de Barra y Area de Meán (Cangas do Morrazo)*. II Premio Galicia de Micoloxía. In: RODRÍGUEZ-FERNÁNDEZ, J. (coord.). Premio Galicia de Micoloxía (1983-1991). Xunta de Galicia. Pp. 99-122

PEREZ FROIZ, M. 1984. *Macromycetes de Finisterrre (La Coruña)* [Tesina]. Univ. Santiago. Facultade de Bioloxía.

PORTELA, J. & LADO, C. 1989. *Myxomycetes* de Galicia (I). Península del Morrazo (Pontevedra). *Anales Jard. Bot. Madrid*, 46(1): 223-228.

PORTELA, J. & LADO, C. 1990. Fragmenta chorologica occidentalia, Fungi, 2127-2173. *Anales Jard. Bot. Madrid*, 47(1): 199-204.

REAL JARDÍN BOTÁNICO DE MADRID. Herbario Digital de Criptogamia. Dispoñible en: *http://161.111.170.202/herb/asp/* [Consulta: 12/5/2021]

REQUEJO, O. & ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N.F. 2010. *In* Requejo, O. 2010. *Guía micolóxica do río Caselas*. Pontevedra. Concello de Salceda de Caselas.

REQUEJO, O. & ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N.F. 2012. Catálogo de *Myxomycetes* (*Protozoa*) das ribeiras do río Caselas (Pontevedra, N.O. da Península Ibérica). *Mykes*, 15: 91-107.

REQUEJO, O. & ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N.F. 2014. *Diderma sauteri* and *Stemonitopsis microspora*, two rare *Myxomycete* species from the Iberian Peninsula*. Mycotaxon*, 128: 79-82.

REQUEJO, O. & ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N.F. 2017. *Myxomycota* das Gándaras de Budiño Pontevedra, N.O. Península Ibérica) I. *Mykes*, 20: 39-60.

REQUEJO, O. & ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N.F. 2018. Tortillas das bruxas, un rexistro etnomixolóxico. *Mykes*, 21: 89-93.

REQUEJO, O. & ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N.F. 2019a. Consideraciones etnobiológicas sobre los mixomicetos*. Bol. Soc. Micol. Madrid*, 43: 25-37.

REQUEJO, O. & ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N.F. 2019b. Aportación ao catálogo corolóxico de *Myxomycetes* de Portugal (I): Freguesía de Pias, Monção (NO. Península Ibérica). *Mykes*, 22: 75-86.

REQUEJO, O. & ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N.F. 2020. *Myxomycota* das Gándaras de Budiño (Pontevedra, N.O. Península Ibérica) II. *Mykes,* 23: 17-46.

REQUEJO, O. & ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N.F. 2021. Aportacións ao coñecemento da biodiversidade de *Myxomycetes* (*Eumycetozoa*) de Galicia (NO. Península Ibérica). *Mykes*, 24: 101-128.

Requejo, O., Andrés-Rodríguez, N.F. & García-Echave, C. 2017. *Myxomycetes* nas Insuas do Miño (Lugo, N.O. peninsula ibérica) I: MicoBioblitz Insuas do Miño. *Micolucus* 4: 55-60.

Rodríguez-Vázquez, J. & Castro, M.L. 2018-2020. Micoga. Base de datos de información corolóxica da micobiota galega [en liña]. Dispoñible en: *https://www.mykes.es/busquedas* [Consulta: 3-VI-2020].

Soliño, A. 2004. *Macromicetos de Galicia: Catálogo bibliográfico y distribución* (1850-2002) [Tese de Doutoramento]. Universidade de Vigo.

Wrigley de Basanta, D. & Estrada-Torres, A. 2017. *Techniques for Recording and isolating Myxomycetes. In* Stephenson & Rojas. 2017*. Myxomycetes. Biology, systematics, biogeography and ecology*. London. Elsevier. Academic Press.

MYKES
VOLUME 24, 2021
ÍNDICE

MICOBIOTA

CASTRO, M.L.
Aportación ao coñecemento da macrobiota do Alto Minho, Portugal (III):
freguesías de Pias e Riba de Mouro, Monção..... 9

CASTRO, M.L.
Aportacións á micobiota de Trás-os-Montes (V): «Parque Biológico de Vinhais» (II)..... 37

ALBIZÚA, T. & CASTRO, M.L.
Catálogo das ordes Leotiales e Pezizales (Ascomycota) e Boletales, Cantharellales, Geastrales e Phallales
(Basidiomycota) na «Senda da Auga» (Redondela, NO. España)..... 49

MELÓN, A. & CASTRO, M.L.
Agaricales na «Senda do río Eifonso» (Vigo, NO. España)..... 69

MELÓN, A. & CASTRO, M.L.
Boletales, Cantharellales e Polyporales na «Senda do río Eifonso» (Vigo, NO. España)..... 89

REQUEJO, O. & ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N.F.
Aportacións ao coñecemento da biodiversidade de Myxomycetes (Amoebozoa)
de Galicia (NO. da Península Ibérica)..... 101

FRAGMENTA CHOROLOGICA GALLAECICA

GAREA, M. & REQUEJO, O.
Fragmenta Chorologica Gallaecica, Fungi 385-390..... 131

COMUNICACIÓNS

ALBIZÚA, T. & CASTRO, M. L.
Deseño de dúas rutas micolóxicas na «Senda da Auga» (Redondela, NO. de España):
descrición, proposta de sinalización e divulgación..... 137

ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N. F. & REQUEJO, O.
Estado actual do estudo dos Myxomycetes (Eumycetozoa) en Galicia (NO. Península Ibérica) I:
Antecedentes históricos..... 145

CASTRO, M. L.
Clave xénero Pisolithus (Sclerodermataceae)..... 159

MISCELÁNEAS

Actividades do Grupo Micolóxico Galego. Ano 2021 167

Instrucións aos autores..... 169

GRUPO MICOLÓXICO GALEGO

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA